


# Jacinto Regueira Alonso



O día 8 de outubro de 2002 falecía na cidade da Coruña D. Jacinto Regueira Alonso. Quen fora Mestre Nacional e persoa fortemente vinculada ao piragüismo cruzaba a súa derradeira liña de meta, tras unha carreira exitosa.

Encontrouse co piragüismo no Club Fluvial de Lugo onde quedou engaiolado pola maxia da piragua.

A Federación Española de Piragüismo, creada en 1959, noméao tres anos despois vocal do Comité Técnico de Ascensos e Travesías.

Foi Presidente da Federación Lucense de Piragüismo e en 1964 asume as funcións de presidente da Federación Galega de Piragüismo, organismo rexional que naqueles tempos dependía da Federación Española de Piragüismo. Creou e presidiu o Comité Nacional de Árbitros da F.E.P. o 25 de novembro de 1963.

En xaneiro de 1966 dirixiu o I Curso de Árbitros Cronometradores de Piragüismo. En 1973 conseguiu o título de árbitro internacional de piragüismo en Tampere, Finlandia, actuando en probas internacionais, en campionatos do mundo e xogos olímpicos. En 1978 cando se crea a Federación Galega de Piragüismo, e nomeado por unanimidade Presidente de Honor da mesma. O 28 de febreiro de 1982 foi aclamado como membro de honor da Asemblea Xeral da F.E.P.

Tamén se lle outorgou o diploma do Comité Olímpico Internacional en recoñecemento á súa tarefa en beneficio do desenvolvemento do deporte.

Don Jacinto Regueira Alonso, home de puntualidade inglesa, co cronómetro e o

regulamento por bandeira, de gran personalidade, capacidade de traballo e entrega ao mundo da piragua, deporte que o apaixonaba, marcou toda una traxectoria no noso deporte durante preto de 40 anos.

No seu labor arbitral, estivo presente na primeira “Baixada do Eume” e en moitas outras edicións, brindando sempre o seu apoio e sabedoría aos organizadores.

O xuíz-arbitro internacional que puntualmente acudía a Pontedeume, só faltaba á súa cita cando se encontraba no estranxeiro facendo labores de arbitraje.

Os eumeses e eumesas que tanto temos gozado deste deporte queremos darlle as grazas a quen fora tamén Presidente de Honra do noso Club, e amosar a nosa gratitude a quen foi o gran culpábel de que a Pontedeume chegase esa K-2 na que o piragüismo eumés se bautizou.

Agradezo a colaboración prestada por Jesús Rodríguez Inclán (secretario xeral da RFEP), Pedro Cuesta García, Jose A. Fernández Marzán (“Mus”) e Angel Villar (“Chilares”), quen me facilitaron os datos sobre a biografía de D. Jacinto.

Os datos da participación na 1ª baixada tíranse dun artigo publicado polo propio **D. Jacinto Regueira Alonso** na revista conmemorativa da 25 edición da “Baixada do Eume”.

Todo o relacionado coa orixe do club eumés se entresaca de distintas conversas que mantiven con xente que viviu a orixe e desenvolvemento do club en primeira persoa, Jesús Fornos Ríos (1º presidente do Club) e Julio Garbana Barro (compoñente da primeira Xunta Directiva, presidente e entrañábel adestrador).

**Ramiro Piñeiro Oliveira**